



**ACTA Nº 1 DA MESA DE CONTRATACIÓN.  
CONTRATO “SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR E DÚAS ROZADORAS FORESTAIS.  
CONCELLO DE PORTO DO SON”.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

**Vogais:**

- D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).
- D. Antonio Romero Ribeiro (Concelleiro Delegado P. Económica)
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

**Secretaria:**

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Monzón Rodríguez (auxiliar administrativa do Concello).

**HORA DE INICIO:** 09:45 horas.

**HORA DE REMATE:** 09:55 horas.

Nas dependenzas da Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **9 de novembro de 2017**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato “Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son” (cláusula 17<sup>a</sup> do prego de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

**ÚNICO.- Apertura e cualificación do sobre nº 1 (“Documentación”) presentada polos licitadores no procedemento para adxudicar o contrato “Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son”.**

Concorreron á licitación os seguintes empresarios:

- COMERCIAL VEIRAS, S.A.
- FARIÑA MAQUINARIA, S.L.
- HERMANOS TOIMIL GARCÍA, S.L.
- HERMANOS VILLAR, S.L.
- LISTE MAQUINARIA AGRÍCOLA, S.L.
- MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE, S.L.

Procédese á apertura do sobre “nº 1”, que deberá conter a documentación simplificada prevista na cláusula 14.2. A) do prego de cláusulas administrativas particulares que, en relación con este contrato é a seguinte:

a) Obrigatoria:

- Declaración responsable do cumprimento das condicións legais para contratar coa Administración, axustado ao modelo previsto no anexo II dos pregos.
- No seu caso: declaración de concorrencia á licitación con empresas pertencentes ao mesmo grupo.
- No seu caso: indicación da parte do contrato que se pretende subcontratar.

b) Opcional:

- Declaración responsable sobre o número de traballadores fixos con discapacidade e porcentaxe que representan sobre o total e documentación xustificativa, no caso de que o licitador desexe obter a preferencia na adxudicación contemplada na D.Adicional 4ª TRLCSP.

Examinada a documentación presentada, resulta:

- COMERCIAL VEIRAS, S.A.: documentación completa.
- FARIÑA MAQUINARIA, S.L.: documentación completa.
- HERMANOS TOIMIL GARCÍA, S.L.: documentación completa.
- HERMANOS VILLAR, S.L.: documentación completa.
- LISTE MAQUINARIA AGRÍCOLA, S.L.: documentación completa.
- MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE, S.L.: documentación completa.

Tendo en conta o exposto, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Admitir ao procedemento aos licitadores COMERCIAL VEIRAS, S.A., FARIÑA MAQUINARIA, S.L., HERMANOS TOIMIL GARCÍA, S.L., HERMANOS VILLAR, S.L., LISTE MAQUINARIA AGRÍCOLA, S.L. e MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE, S.L.

**Segundo.-** Convocar para o vindeiro **venres 10 de novembro de 2017, ás 09:00 horas**, no Salón de Actos do Centro de Interpretación do Castro de Baroña (Porto do Son), o acto público de apertura do sobre "nº 2" ("Criterios avaliados mediante un xuízo de valor") das proposicións presentadas polos licitadores admitidos no procedemento de contratación.

Porto do Son, 9 de novembro de 2017.

**Presidente,**

D. José Luis Oujo Pouso.

**Vogal,**

D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns.

**Vogal,**

D. Antonio Romero Ribeiro .

**Vogal,**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mar Lirola Delgado.

**Vogal,**

D. José Manuel González García.

**Secretaria,**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Monzón Rodríguez.